

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

13069 *Real decreto 932/2013, do 29 de novembro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa.*

A Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de liberdade relixiosa, dispón no seu artigo 8 a creación no seo do Ministerio de Xustiza da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, e autoriza o Goberno, na súa disposición derradeira, para ditar as disposicións regulamentarias que sexan necesarias para o seu desenvolvemento. En cumprimento do anterior, publicouse o Real decreto 1890/1981, do 19 de xuño, polo que se constitúe a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, e a Orde do Ministerio de Xustiza do 31 de outubro de 1983, sobre organización e competencias da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa. Con posterioridade, foron modificadas polo Real decreto 1159/2001, do 26 de outubro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, e a Orde JUS/1375/2002, do 31 de maio, sobre organización e competencias da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa.

Da experiencia adquirida nos últimos anos, aprécisase a conveniencia dun novo real decreto que regule esta comisión, advertida a necesidade de axustar, clarificar e perfeccionar aspectos necesarios dela.

O primeiro dos obxectivos deste real decreto é asignar á Comisión novas funcións que lle permitan mellorar a súa actuación dentro do marco legal existente e a asunción de novas obrigacións.

O segundo dos obxectivos é articular mellor a composición da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa e facer posible que formen parte dela os representantes das igrexas, confesións, comunidades relixiosas ou federacións destas que poidan alcanzar a declaración de notorio arraigo en España, sen que isto exixa unha nova modificación legal. Desde o ano 2001 até a actualidade, a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa declarou o notorio arraigo da Igrexa de Xesús Cristo dos Santos dos Últimos Días (2003), da Igrexa das Testemuñas de Xehová (2006), do Budismo (2007) e da Igrexa Ortodoxa (2010).

A incorporación de novas igrexas, confesións, comunidades relixiosas ou federacións destas con notorio arraigo non pode levar a multiplicar exponencialmente a composición da Comisión. Dótase este órgano asesor dunha nova composición tripartita e paritaria, en consonancia coa estrutura prevista no artigo 8.1 da Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo. Para a súa adaptación ás circunstancias actuais e unha maior eficiencia no cumprimento dos seus fins, rómpese coa paridade entendida en igualdade de número de persoas, para chegar á paridade en número de votos de cada un dos tres sectores presentes na Comisión, representantes da Administración, representantes de igrexas, confesións, comunidades relixiosas ou federacións destas e as persoas de recoñecida competencia.

A eficiencia da Comisión conséguese cunha redución do número de vogais representantes da Administración xeral do Estado que sexan convocados ás diferentes reunións e do número de vogais de recoñecida competencia en materia de liberdade relixiosa. Non obstante, en cumprimento do citado artigo 8.1 da Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, prodúcese un aumento no número de vogais representantes das igrexas, confesións, comunidades relixiosas ou federacións destas. Con isto, a estrutura tripartita e paritaria respéctase mediante o voto ponderado. Esta forma de entender a paridade existe noutros órganos presentes en materia de negociación colectiva, na orde social, onde se mantén a paridade co voto ponderado e igualitario e non coa presenza numérica idéntica dos seus compoñentes. Esta concepción paritaria foi avalada pola lexislación social e pola xurisprudencia do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional.

O número de representantes das confesións relixiosas, aínda que con igual voto que os outros dous terzos conforme a estrutura paritaria, conta con máis representantes. En consecuencia, avánzase na obrigaón de colaboración do Estado coas confesións relixiosas, conforme o principio de cooperación establecido no artigo 16.3 da Constitución.

No relacionado coa mellora da súa composición, como sucede no dereito comparado, refórzase institucionalmente a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa atribuíndo a súa presidencia ao ministro de Xustiza e creando a figura da vicepresidencia.

O terceiro dos obxectivos é mellorar o funcionamento da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, que actuará en pleno, comisión permanente e grupos de traballo. A novidade reside na posibilidade de crear grupos de traballo, con carácter temporal e por proposta do presidente ou dos vogais.

Na elaboración deste real decreto tívose en conta o informe do Pleno da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, polo que se deu audiencia ás confesións relixiosas que teñen recoñecido notorio arraigo en España, aos representantes da Administración xeral do Estado e aos vogais de recoñecida competencia no ámbito da liberdade relixiosa que forman parte da Comisión.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de novembro de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver o artigo 8 da Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, de liberdade relixiosa, en relación coas competencias, composición, organización e funcionamento da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa.

Artigo 2. *Natureza e fins da Comisión.*

1. A Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa é o órgano consultivo do Goberno en materia de liberdade relixiosa.

2. A Comisión poderá, así mesmo, asesorar as administracións públicas en relación coa aplicación tanto da Lei orgánica de liberdade relixiosa como dos acordos celebrados por parte do Estado español coas confesións relixiosas, sen prexuízo das competencias que a normativa vixente atribúa na materia a outros órganos.

3. A Comisión é un órgano colexiado dos previstos no artigo 22.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no artigo 40.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, adscrito orgánica e funcionalmente ao Ministerio de Xustiza, a través da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións.

4. A Comisión ten por obxecto o estudo, seguimento, informe e realización de propostas en todas aquelas materias relacionadas co desenvolvemento, impulso e promoción efectiva do dereito de liberdade relixiosa.

Artigo 3. *Funcións da Comisión.*

Para o cumprimento dos fins establecidos no artigo anterior, a Comisión terá as funcións seguintes:

a) Coñecer e emitir informe preceptivamente sobre os proxectos de acordos ou convenios de cooperación a que se refire o artigo 7 da Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo.

- b) Coñecer e emitir informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que afecten a aplicación da Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo.
- c) Coñecer e emitir informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que afecten a aplicación e desenvolvemento dos acordos celebrados entre o Estado español e as confesións relixiosas.
- d) Coñecer e emitir informe sobre os anteprojectos de lei e calquera outra disposición xeral da Administración xeral do Estado que regulen materias concernentes ao dereito de liberdade relixiosa.
- e) Emitir informe sobre a declaración de notorio arraigo das igrexas, confesións ou federacións destas.
- f) Emitir informe das cuestións relacionadas coa inscrición e cancelación das entidades relixiosas que lle sexan sometidas á súa consulta.
- g) Emitir informes sobre as normas que incidan no exercicio do dereito de liberdade relixiosa que fosen ditadas polas comunidades autónomas, que o Goberno, a través do ministro de Xustiza, someta á súa consulta.
- h) Emitir informes sobre os asuntos concernentes ao seu ámbito de competencias que o Goberno, a través do ministro de Xustiza, someta á súa consideración.
- i) Estudar e presentar propostas ao Goberno de cantas medidas considere oportunas no ámbito da liberdade relixiosa, sen prexuízo das competencias que a normativa vixente atribúa na materia a outros órganos.
- j) Elaborar e elevar anualmente un informe ao Goberno sobre a situación do dereito de liberdade relixiosa en España.
- k) Pedir información sobre actuacións das administracións públicas relacionadas co desenvolvemento e exercicio do dereito de liberdade relixiosa.
- l) Calquera outra función que, no ámbito das súas competencias, se lle atribúa por algunha disposición legal ou regulamentaria.

CAPÍTULO II

Composición

Artigo 4. *Composición.*

A Comisión está constituída polo presidente, o vicepresidente, os vogais e o secretario.

Artigo 5. *Presidencia.*

1. A presidencia da Comisión corresponde ao ministro de Xustiza.
2. Son funcións do presidente:
 - a) Presidir e moderar as reunións do Pleno e dirixir os seus traballos.
 - b) Representar a Comisión ante os demais órganos e autoridades públicas e privadas.
 - c) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno da Comisión e fixar a orde do día correspondente.
 - d) Dirimir co seu voto os empates nas votacións para adoptar acordos.
 - e) Recibir o proxecto de memoria anual de actividades e sometelo á aprobación do Pleno.
 - f) Visar as actas do Pleno da Comisión.
 - g) Dar posesión aos vogais da Comisión.
 - h) Convocar, se for o caso, ás sesións do Pleno, con voz pero sen voto, terceiras persoas que poidan fornecer información relevante sobre algún asunto preciso.
 - i) Encomendar, cando sexa necesario, estudos técnicos a expertos nas materias relacionadas coas funcións e traballos da Comisión, aínda que non pertencan a ela.

Artigo 6. Vicepresidencia.

1. A vicepresidencia da Comisión corresponde ao titular da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións do Ministerio de Xustiza.

Son funcións do vicepresidente:

- a) Substituír o presidente en caso de vacante, ausencia ou doenza.
- b) Presidir e moderar as reunións da Comisión Permanente e dos grupos de traballo.
- c) Acordar a convocatoria da Comisión Permanente e os grupos de traballo, e fixar a orde do día correspondente.
- d) Dirimir co seu voto os empates nas votacións para adoptar acordos no seo da Comisión Permanente e os grupos de traballo.
- e) Elaborar o proxecto de memoria anual de actividades.
- f) Visar as actas dos acordos da Comisión Permanente e os grupos de traballo.
- g) Convocar, se for o caso, ás sesións da Permanente, con voz pero sen voto, terceiras persoas que poidan fornecer información relevante sobre algún asunto preciso.
- h) Elaborar, ao comezo de cada exercicio orzamentario, a previsión anual de gastos derivados do funcionamento da Comisión.

2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade do titular da vicepresidencia, este será substituído polo titular do posto de traballo, con nivel orgánico de subdirector xeral ou asimilado, encargado das relacións coas confesións.

Artigo 7. Secretaría da Comisión.

1. O secretario da Comisión será un funcionario adscrito á Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións e licenciado ou graduado en dereito ou outro título universitario de grao equivalente, nomeado polo presidente da Comisión.

Asistirá con voz pero sen voto ás reunións do Pleno, da Comisión Permanente e dos grupos de traballo.

2. Son funcións da secretaría:

- a) A organización dos servizos de información, asesoramento técnico e administrativo da Presidencia, o Pleno, a Comisión Permanente e os grupos de traballo.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións por orde do presidente ou vicepresidente, así como as citacións dos vogais da Comisión e daquelas persoas que, a xuízo do presidente ou vicepresidente, poidan fornecer información relevante sobre un asunto preciso.
- c) Elaborar as actas das sesións do Pleno, a Comisión Permanente e dos grupos de traballo.

De cada sesión elaborárase unha acta detallada dos acordos adoptados, con expresión das opinións expostas, do resultado das votacións, se as houber, e, se for o caso, dos votos particulares que fosen formulados.

d) Preparar os traballos do Pleno, da Comisión Permanente e dos grupos de traballo.

e) Recibir os actos de comunicación dos vogais coa Comisión, tales como notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.

f) A tramitación e, se for o caso, execución daqueles acordos da Comisión ou decisións do presidente ou vicepresidente que se lle encomenden expresamente.

g) A custodia e arquivamento dos traballos desenvolvidos pola Comisión.

h) A expedición e autorización de certificados das consultas, acordos e ditames adoptados relacionados coa Comisión.

i) Preparar, baixo a dirección do vicepresidente, a previsión anual de gastos da Comisión.

j) Propor o pagamento dos gastos que deriven do funcionamento da Comisión.

3. En caso de vacante, ausencia ou doenza do secretario da Comisión, asumirá as súas funcións un funcionario adscrito á Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións, licenciado ou graduado en dereito ou outro título universitario de grao equivalente, nomeado por proposta do presidente da Comisión.

Artigo 8. *Vogais da Comisión.*

Son membros da Comisión:

a) Un representante, coa categoría de director xeral ou asimilado, proposto por cada un dos departamentos ministeriais de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Facenda e Administracións Públicas, de Interior, de Educación, Cultura e Deporte, de Emprego e Seguridade Social, da Presidencia e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

b) Doce representantes das igrexas, confesións e comunidades relixiosas ou federacións destas, entre as cales, en todo caso, estarán as que teñan notorio arraigo en España, propostos polas respectivas confesións relixiosas.

c) Seis persoas de recoñecida competencia no campo da liberdade relixiosa, propostas polo Ministerio de Xustiza.

Artigo 9. *Dereitos dos vogais.*

Son dereitos dos vogais da Comisión:

a) Recibir con anticipación suficiente a convocatoria coa orde do día e información sobre os asuntos contidos nela.

b) Solicitar a reunión, con carácter extraordinario, do Pleno e a Permanente.

c) Participar nos debates das sesións, exercer o dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o senso do seu voto e os motivos que o xustifiquen.

Os votos particulares deberán ser anunciados antes de que se feche a sesión e formularanse no prazo de cinco días. Ao voto anunciado poderán adherirse os vogais que disintisen do parecer da maioría.

d) Presentar á Presidencia, ao Pleno ou á Comisión Permanente mocións e propostas sobre cuestións que correspondan á competencia da Comisión.

e) Obter a información técnica precisa para cumprir as funcións asignadas.

f) Percibir as indemnizacións que, por razón do servizo correspondan, en concepto de asistencias por concorrer ás sesións do Pleno, da Comisión Permanente e dos grupos de traballo, de conformidade co artigo 28 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Artigo 10. *Deberes dos vogais.*

Son deberes dos vogais da Comisión:

a) Asistir ás reunións convocadas polo presidente, salvo causa xustificada, da cal se dará conta antes de dar lectura á acta da sesión anterior.

b) Aceptar os relatorios e demais funcións que lle encomende o presidente, salvo causa xustificada, e proceder dilixentemente á súa realización.

c) Observar as presentes normas e as instrucións da presidencia para a boa orde das deliberacións.

Artigo 11. *Nomeamento e mandato dos vogais.*

1. Os vogais a que se refire a alínea c) do artigo 8 serán nomeados por Acordo do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Xustiza.

Os demais vogais da Comisión serán nomeados polo ministro de Xustiza, mediante orde ministerial.

2. O mandato dos vogais será de catro anos a partir da data de publicación dos seus respectivos nomeamentos no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante,

continuarán desempeñando as súas funcións até a toma de posesión dos novos membros que os vaian substituír. O mandato será renovable por períodos de igual duración.

Artigo 12. *Suplencias e vacantes dos vogais.*

1. En caso de ausencia, doenza ou calquera outra causa xustificada, os vogais da Comisión representantes da Administración xeral do Estado poderán ser substituídos polos titulares de postos de traballo, con nivel orgánico de subdirector xeral ou asimilado, que nomee o órgano que designou os vogais suplidos.

2. Igualmente, e respecto das mesmas situacións que as previstas no número anterior, os vogais representantes das confesións relixiosas poderán ser substituídos, segundo o seu réxime estatutario, por aquelas persoas que fosen designadas como suplentes.

3. Toda vacante anticipada que non se producise por expiración do mandato será cuberta de conformidade co previsto no artigo 8. A duración das substitucións quedará limitada ao tempo de mandato que reste ao vogal substituído.

Artigo 13. *Cesamento dos vogais.*

1. O cesamento dos vogais da Comisión producirase por algunha das seguintes causas:

- a) Por expiración do prazo do seu mandato, sen prexuízo do disposto no número 2 deste artigo.
- b) Por renuncia.
- c) Por deixar de concorrer os requisitos que determinaron a súa designación.
- d) Por ter sido condenado por delito doloso.

2. Os vogais da Comisión mencionados na alínea b) do artigo 8 serán destituídos polo presidente, por petición da confesión relixiosa que representan.

CAPÍTULO III

Organización e funcionamento

Artigo 14. *Organización.*

A Comisión actuará en Pleno, Comisión Permanente e grupos de traballo.

Artigo 15. *Pleno.*

1. Para efectos de manter a paridade, o Pleno estará composto polas seguintes persoas:

- a) O presidente, ao cal corresponderán tres votos.
- b) O vicepresidente, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto cando o presidente asista ás reunións do Pleno.
- c) O secretario, que asistirá con voz pero sen voto.
- d) Un representante, coa categoría de director xeral ou asimilado, proposto por cada un dos departamentos ministeriais de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Facenda e Administracións Públicas, de Interior, de Educación, Cultura e Deporte, de Emprego e Seguridade Social, da Presidencia e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

A cada un destes representantes corresponderanlle tres votos.

e) Os doce representantes das igrexas, confesións e comunidades relixiosas ou federacións destas. A cada un destes representantes corresponderanlle dous votos.

f) As seis persoas de recoñecida competencia no campo da liberdade relixiosa. A cada unha delas corresponderanlle catro votos.

2. O Pleno é o órgano competente para o desempeño das funcións enumeradas no artigo 3.

3. Deberán ser convocadas ás reunións do Pleno as comunidades autónomas que teñan estatutariamente atribuídas competencias en materia de relacións coas entidades relixiosas, cando se traten asuntos que as afecten. Cada unha delas poderá designar un representante para asistir con voz pero sen voto.

Cando, en razón das materias incluídas na orde do día, o presidente o considere oportuno, as comunidades autónomas non incluídas no parágrafo anterior, así como a Federación Española de Municipios e Provincias, poderán ser convocadas ás reunións do Pleno e asistir e elas con voz pero sen voto, mediante a designación dun representante.

4. Poderán ser convocadas ás reunións do Pleno e asistirán a elas, con voz pero sen voto, aquelas persoas que, a xuízo do presidente ou por proposta da maioría do Pleno, poidan fornecer información relevante sobre un asunto preciso.

Artigo 16. *Funcionamento do Pleno.*

1. O Pleno reunirse dúas veces ao ano en sesión ordinaria. En sesión extraordinaria, poderá reunirse cantas veces o considere necesario o seu presidente, por propia iniciativa ou cando así o solicite a maioría dos seus membros.

2. As convocatorias do Pleno deberán facerse con, ao menos, quince días de anticipación e nelas expresaranse os asuntos por tratar, o lugar, a data e a hora de celebración. Cando sexa necesario convocar o Pleno por motivos de urxencia, o prazo da convocatoria poderá reducirse a sete días.

3. A documentación que resulte precisa para o desenvolvemento adecuado dos asuntos que vaia tratar a Comisión será remitida pola secretaría aos vogais con, ao menos, sete días de anticipación.

Artigo 17. *Comisión Permanente.*

1. Para efectos de manter a paridade, a Comisión Permanente estará composta polas seguintes persoas:

- a) O vicepresidente, ao cal corresponderá un voto.
- b) O secretario.
- c) Nove vogais, designados polo Pleno, repartidos do modo seguinte:

i. Tres representantes da Administración xeral do Estado. A cada un destes representantes corresponderalle un voto.

ii. Catro representantes das entidades relixiosas, das cales ao menos tres serán de confesións relixiosas con Acordo co Estado. A cada un destes representantes corresponderalle un voto.

iii. Dúas persoas de recoñecida competencia na materia. A cada unha delas corresponderanlle dous votos.

2. A Comisión Permanente será presidida polo vicepresidente da Comisión.
3. Serán funcións da Comisión Permanente:

a) Elevar ao Pleno, co seu parecer, os estudos e informes dos grupos de traballo, así como as propostas de acordos que considere necesarias.

b) Coñecer dos asuntos que o vicepresidente someta á súa consideración polo seu carácter urxente, sen prexuízo de informar posteriormente o Pleno.

- c) Aquelas funcións que acorde delegarlle o Pleno.

4. Deberán ser convocadas ás reunións da Comisión Permanente as comunidades autónomas que teñan estatutariamente atribuídas competencias en materia de relacións coas entidades relixiosas, cando se traten asuntos que as afecten. Cada unha delas poderá designar un representante para asistir con voz pero sen voto.

Cando, en razón das materias incluídas na orde do día, o vicepresidente o considere oportuno, as comunidades autónomas non incluídas no parágrafo anterior, así como a Federación Española de Municipios e Provincias, poderán ser convocadas ás reunións da Comisión Permanente e asistir a elas con voz pero sen voto, mediante a designación dun representante.

5. Poderán ser convocadas ás reunións da Comisión Permanente, e asistirán a elas con voz pero sen voto, aquelas persoas que, a xuízo do vicepresidente ou por proposta da maioría da Permanente, poidan fornecer información relevante sobre un asunto preciso.

Artigo 18. *Funcionamento da Comisión Permanente.*

1. A Comisión Permanente reunirse cantas veces o considere necesario o seu presidente, por propia iniciativa ou cando así o soliciten a maioría dos seus membros.

2. As convocatorias da Comisión Permanente deberán facerse con, ao menos, sete días de anticipación e nelas expresaranse os asuntos por tratar, o lugar, a data e a hora de celebración. Cando sexa necesario convocar a Comisión Permanente por motivos de urxencia, o prazo da convocatoria poderá reducirse a dous días.

3. A documentación que resulte precisa para o desenvolvemento adecuado dos asuntos que vaia tratar a Comisión serán remitidos pola secretaría aos vogais con, ao menos, dous días de anticipación.

Artigo 19. *Quórum.*

1. O quórum para a válida constitución do Pleno será, en primeira convocatoria, o da maioría absoluta dos seus membros. Se non existir quórum suficiente, constituirase en segunda convocatoria, e é necesaria a asistencia da terceira parte dos membros para adoptar validamente acordos. O mesmo quórum será aplicable á Comisión Permanente.

2. O Pleno e a Comisión Permanente deliberarán sobre os asuntos contidos na orde do día. Os acordos serán adoptados por maioría de votos. En caso de empate, decidirá o voto do presidente.

Artigo 20. *Grupos de traballo.*

1. A Comisión, por proposta do presidente ou vicepresidente, ou por iniciativa dos seus vogais, poderá constituír grupos de traballo especializados, de carácter temporal, que considere necesarios para o desempeño das súas funcións.

2. A súa composición virá determinada pola materia obxecto de estudo ou informe. O número dos seus membros, que non será superior a cinco, determinarase en función dos asuntos que se vaian tratar. Os grupos de traballo estarán presididos por un membro da Comisión designado polo presidente ou, se for o caso, polo vicepresidente e o secretario da Comisión asistirá ás súas reunións con voz pero sen voto.

Ás sesións dos grupos de traballo poderán asistir como convidadas persoas vinculadas coas entidades relixiosas ou expertas nos asuntos que sexan obxecto de estudo, designadas polo presidente por proposta súa ou da maioría dos vogais, con voz pero sen voto.

3. Os informes ou propostas elaborados polo grupo de traballo elevaranse á Comisión Permanente, que poderá aprobalos ou devolvelos para novo estudo.

4. O presidente ou, se for o caso, o vicepresidente da Comisión poderá cualificar de urxente o asunto sometido ao estudo do grupo de traballo, caso en que a composición deste poderá ser determinada pola Comisión Permanente, e os informes ou propostas de acordo que elabore poderán elevarse directamente ao Pleno da Comisión.

Disposición adicional única. *Comunicación e publicidade electrónica.*

Para dar cumprimento á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a Comisión promoverá a utilización de medios

electrónicos e, en especial, a comunicación, información e documentación aos vogais da Comisión polos procedementos electrónicos previstos nela.

Disposición transitoria única. *Continuidade dos membros da anterior Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa.*

A Comisión constituída en virtude do Real decreto 1159/2001, do 26 de outubro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, continuará exercendo as súas funcións até se constituír a nova comisión prevista neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1159/2001, do 26 de outubro, polo que se regula a Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, e a Orde JUS/1375/2002, do 31 de maio, sobre organización e competencias da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa.

Disposición derradeira primeira. *Gastos de organización e funcionamento.*

1. A organización e funcionamento da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa, incluída a súa secretaría, será atendida cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións.

2. As medidas incluídas neste real decreto non poderán supor incremento nin de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Xustiza para, logo do cumprimento dos trámites legais oportunos, ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de novembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,
ALBERTO RUIZ-GALLARDÓN JIMÉNEZ